

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## AUDICIÓN E LINGUAXE

Curso 2020-2021

CEIP FELICIANO BARRERA

Silvia Fernández Gómez

## ÍNDICE

1.- ÍNDICE.....	1
2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
3.- PLANIFICACIÓN XERAL.....	2
3.1.- INTERVENCIÓN CO ACNEAE .....	2
3.2.- ALUMNADO OBXECTO DE INTERVENCIÓN.....	2
4.- OBXECTIVOS XERAIS .....	3
5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	4
6.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE .....	5
7.- ACTIVIDADES.....	6
8.- RECURSOS .....	8
9.- METODOLOXÍA .....	9
9.1.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS .....	9
9.2.- TÉCNICAS E ESTRATEXIAS.....	10
9.3.- ASPECTOS METODOLÓXICOS.....	10
9.4.- COMUNICACIÓN FAMILIA/ALUMNADO.....	10
10.- TEMPORALIZACIÓN .....	11
11.- AVALIACIÓN.....	11

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

A praza de Mestra de Audición e Linguaxe para este curso académico 2020/2021 será compartida co CEIP Santiago Oliveira, asistindo a este os martes, xoves e venres e no CEIP Feliciano Barrera, os luns e mércores.

## **3. PLANIFICACIÓN XERAL**

### *3.1) INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ACNEAE.*

Durante este curso, a intervención programárase en función da previsión feita do ano anterior, das novas demandas que se consideren dende o Departamento de Orientación e, tendo en conta as instrucións establecidas no protocolo COVID-19.

O traballo que se desenvolverá ao longo do mesmo fundaméntase nos seguintes ámbitos:

- Exploración do alumnado. Partiremos da revisión dos alumnos que recibiron apoio o curso pasado e dos propostos polos titores despois dos resultados da avaliación inicial.
- Intervención directa / indirecta cos alumnos que a precisen.
- Desenvolvemento dun programa de estimulación da linguaxe oral en educación Infantil para previr posibles trastornos no ámbito da comunicación e da linguaxe.
- Colaborar na elaboración e revisión das adaptacións curriculares dos alumnos que presenten necesidades específicas de apoio educativo na área da Comunicación e a Linguaxe.
- Implicación da familia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación entre os diferentes profesionais que inciden no desenvolvemento do acneae

- Colaboración con axentes externos implicados na educación do alumnado e que teñan convenio coa Xunta.

### 3.2) ALUMNADO OBXECTO DE INTERVENCIÓN

A distribución do alumnado que recibirá apoio por parte da mestra especialista en Audición e Linguaxe, pertencente ós diferentes niveis de Educación Primaria e Infantil, é a seguinte:

- **Educación Infantil:** polo momento implementarase un programa de estimulación da linguaxe en toda esta etapa, e observarase con maior detemento os alumnos de 5 anos para detectar posibles dificultades que poidan necesitar unha intervención máis directa.
- **1º de Educación Primaria:** Seguirán recibindo apoio dous nenos con dificultades na articulación.
- **2º de Ed. Primaria:** recibirán apoio dous alumnos: un, con dificultades articulatorias e outro con dificultades na lectoescritura.
- **4º de Educación Primaria:** Prevese atender a dous alumnos, un con dificultades na aprendizaxe e outro con disfluencias.
- **5º de Educación Primaria:** Estímase atender a un alumno con dificultades na lectoescritura.
- **6º de Educación Primaria:** Atenderase a unha alumna con dificultades na aprendizaxe asociadas a TDAH e a outro alumno con dificultades na lectura e escritura.

Cabe destacar o carácter plenamente flexible desta programación, podendo modificarse a distribución do alumnado atendido en función das necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

## 4. OBXECTIVOS XERAIS

Os seguintes obxectivos veranse concretados nos plans específicos de intervención para cada alumno.

- Acadar o maior desenvolvemento persoal e social do acneae baixo un clima de respecto e integración.

- Establecer canles de colaboración e coordinación entre os diversos mestres que interveñen co ACNEAE.
- Dar coherencia ás accións e documentos do centro en relación co ACNEAE.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro coa finalidade de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, e especialmente a aquel que presenta NEAE.
- Propiciar a coordinación do centro con organismos e institucións externas.

## **5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- **En relación á identificación das necesidades educativas dos alumnos/as:**
  - ✓ Prestar especial atención á prevención, detección e identificación temperá das NEAE (mediante o contacto directo co Orientador, cos titores, familia e a avaliación inicial e continua dos alumnos/as).
  - ✓ Valora-las NEAE dos alumnos/as en relación cos aspectos curriculares da área de comunicación e linguaxe.
  - ✓ Colaborar na proposta ou realización das axudas técnicas precisas para o acceso do alumno/a ó currículo.
- **Co profesor/a –titor/a:**
  - ✓ Realizar encontros cos titores para a información e asesoramento preciso na detección e no tratamento das necesidades desta especialidade.
  - ✓ Orientando as adaptacións necesarias que o proceso educativo dos alumnos/as requira en tódolos aspectos referidos á competencia comunicativo-lingüística.
  - ✓ Participar, neste senso, na elaboración e revisión periódica das ACS da área de linguas.

- ✓ Colaborar na avaliación continua do proceso de aprendizaxe na área de linguas
- **Co alumno/a**
  - ✓ Potenciar a comunicación dos alumnos/as e favorecer o desenvolvemento axeitado da linguaxe como medio de representación, regulador da conducta e de interacción social.
  - ✓ Previr posibles alteracións da linguaxe, así como estimular os procesos comunicativos e lingüísticos para favorecer un desenrolo dentro dos parámetros da normalidade.
  - ✓ Intervir naquelas alteracións detectadas, tentando facer un apoio especializado ós alumnos con dificultades na comunicación e linguaxe tanto a nivel oral como escrito, así como, na comprensión e na expresión.
  - ✓ Elaborar programas específicos de actuación de A.L tendo en conta as características e necesidades concretas de cada alumno/a.
- **As familias**
  - ✓ Orientar ás familias ofrecéndolles información e pautas de actuación.
  - ✓ Estar á disposición das necesidades ou cuestións que as familias manifesten na atención dos nenos/as.
  - ✓ Informar con periodizade sobre a evolución do seu fillo/a.
- **Departamento de Orientación**
  - ✓ Establecer relacións de coordinación, para favorecer a nivel de avaliación, asesoramento, necesidades...
  - ✓ Colaborar na elaboración e desenrolo de material, programas e outras propostas.

## 6. CONTRIBUCIÓN DO MESTRE DE AUDIÇÃO E LINGUAXE AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Como especialista de apoio, colaborárase co resto do profesorado no desenvolvemento persoal de todo o alumnado (especialmente do alumnado con NEAE) a través do traballo das *Competencias Clave* establecidas no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na nosa comunidade autónoma.

Os obxectivos establecidos para o alumnado con necesidades educativas derivadas da comunicación e da linguaxe contribúen de maneira directa á [Competencia en Comunicación Lingüística \(CCL\)](#), referida ao dominio das catro destrezas básicas comunicativas (falar, escoitar, ler e escribir). No caso de alumnado con niveis máis baixos, traballárase de forma prioritaria as dúas primeiras destrezas (falar e escoitar), pero tamén se incide nas outras dúas, mediante actividades de achegamento ao código escrito (contos, interpretación de secuencias con pictogramas..)

De maneira indirecta traballaránse tamén as seguintes competencias clave: **Competencia social e cívica (CSC)**, na realización de actividades cooperativas e grupais poñendo en práctica a pragmática lingüística. **Competencia dixital (CD)**, a través do uso das NT como ferramentas de aprendizaxe da linguaxe e soporte comunicativo. **Competencia matemática e CC.BB en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**, contribúese coas actividades de comprensión e uso de termos espazo temporais, de problemas e/ou situacións relacionadas co uso funcional das matemáticas. **Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**, Contribúese á mesma favorecendo a autonomía na realización das tarefas, promovendo a iniciativa destes alumnos na selección de actividades, desenvolvendo a capacidade para enfrontarse a problemas que van xurdindo no transcurso das diferentes sesións... **Competencia aprender a aprender (CAA)**, potenciase a autoavaliación, facendo que aprendan dos seus erros, extraian conclusións e valoren as súas posibilidades de mellora. **Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)**. Facendo uso de manifestacións culturais, igualmente contribúese coa participación activa en

actividades programadas a nivel de centro: celebración semana cultural, día da paz, día do libro..

## **7. ACTIVIDADES.**

En canto á intervención co **alumnado** pódense destacar as seguintes funcións:

- Exploración do alumnado. Partiremos da revisión dos alumnos que recibiron apoio o curso pasado e dos propostos polos titores despois dos resultados da avaliación inicial.
- Intervención directa / indirecta acorde ao plan específico de intervención individualizado.
- Desenvolvemento dun programa de estimulación da linguaxe oral nos cursos de educación Infantil para previr posibles trastornos no ámbito da comunicación e da linguaxe.
- Colaborar na elaboración e revisión das adaptacións curriculares dos alumnos que presenten necesidades específicas de apoio educativo na área da Comunicación e a Linguaxe.

En relación ao **centro**:

- Axudar, colaborar, asesorar, participar ... na elaboración do Proxecto Educativo e sobre todo no referido ao alumando con NEAE.
- Presentar propostas relacionadas coa atención á Diversidade.
- Colaborar na elaboración de documentos do propio centro como a Programación Xeral Anual e a Memoria Anual, entre outros.
- Colaborar na avaliación Psicopedagóxica.
- Colaborar na avaliación e seguimento de ACS, sobre todo, na área da linguaxe.
- Establecer, promover e desenvolver a comunicación colaborando co profesor/a, titor/a na elaboración de programacións, actividades, materiais ... sobre todo na área da linguaxe.
- Coordinarse cos membros do Departamento de Orientación mediante reunións semanais, así como cos diferentes mestres/as, titores/as cando sexa preciso.



O traballo coas **familias** centrarase fundamentalmente nestes aspectos:

- Solicitar colaboración para realizar a avaliación inicial do alumno/a.
- Notificarlles sobre a necesidade do apoio por parte do mestre de A.L
- Informaráselles periodicamente dos obxectivos, avances e dificultades que presente o neno/a durante o proceso de ensino/aprendizaxe.
- Asesoraráselles en tódolos aspectos que sexa necesario relacionados co déficit, necesidades, pautas... relacionados coa situación do seu fillo/a.
- Teráselles en conta como parte activa da intervención do discente, propoñéndolles tarefas ou responsabilidades no fogar que afianzarán as aprendizaxes levadas a cabo na aula de AL.

## 8. RECURSOS

### Materiais

- Material xeral da aula de Audición e Linguaxe: espello de parede, mesa de traballo, cadeiras, encerado, ordenador, contos, láminas, obxectos reais, xoguetes...
- Materiais para os exercicios de sopro e praxias: velas, bolas de pimpong, pompeiros, algodóns, plumas, muíños de vento, serpentinas, matasogras, palliñas, vasos, globos, depresores, luvas de látex ...
- Materiais para traballar os procesos psicolóxicos básicos (atención, razoamento e memoria): láminas de labirintos, de atopar as diferenzas, de identificar que é o que falta e por que, crebacabezas, memory/absurdos/secuencias..., materiais de elaboración propia...
- Probas para a avaliación da linguaxe: “Rexistro Fonolóxico Inducido”, PLON, protocolo de avaliación de praxias...
- Lexislación e documentos do centro.
- Materiais específicos (programa e métodos): “Vocabulario Básico en Imáxenes”, “Enséñame a hablar”, “Cicerón. Programa para el desarrollo y la adquisición de la capacidad articulatória”, “Fonodil. El juego de los fonemas”, “Imáxenes para el entrenamiento fonético”, “Lotos de acciones”, “Lotos de oficios”, “Loto fonético”...
- Ordenador, táblet, móbil, fichas, páxinas web, documentos PDF, imaxes,

obxectos da vida cotiá

### **Humanos**

- Internos: mestres/as titores/as, mestres/as das diferentes áreas, mestras de Pedagogía Terapéutica, mestra de Audición e Linguaxe, orientadora, compañeiros/as de aula e de centro, as familias.
- Externos: Equipos de Atención Temperá, Equipos de Orientación Específicos (EOE), Centros de Formación e Recursos (CFR) e outros organismos como Servizos Sociais, asociacións da zona, gabinetes...

### **Organizativos**

- A disposición da aula é flexible, estando organizada en distintos recunchos de traballo (de lectura, espello, mesa de traballo...) tratando de eliminar aqueles elementos que poden interferir na concentración do alumno/a cara a súa aprendizaxe.

## **9. METODOLOXÍA**

### *9.1) PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.*

A intervención farase baixo un clima de confianza, de maneira lúdica, motivando ao alumnado para que poñan interese nas tarefas, resaltando os logros e non ofrecendo unha imaxe negativa.

A metodoloxía será funcional, globalizada, activa e lúdica, estando baseada nos intereses dos alumnos, co principal obxectivo de que as aprendizaxes sexan significativas e funcionais, adaptando a intervención ao alumnado e as súas propias características.

Ademais, están presentes aspectos metodolóxicos como:

- ✓ Desenvolver actividades con aplicación na vida cotiá.
- ✓ Levar a cabo estratexias que favoreza nunca aprendizaxe por descubrimento.
- ✓ Partir dende os coñecementos previos do alumnado.
- ✓ Terase en conta a flexibilidade na xestión dos espazos, tempos e agrupamentos.
- ✓ Actividades de diferentes graos de realización e con varias posibilidades de execución.

### *9.2) TÉCNICAS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS MÁIS USADAS*

Algunhas técnicas metodolóxicas a desenvolver son a imitación e modelado (ofrecendo un modelo axeitado, reforzando tanto o modelo como a imitación), aprendizaxe por interacción, incrementando a socialización, ensino entre alumnos ou titoría entre iguais, ou a manipulación de antecedentes (manipulando acontecementos para producir unha interacción).

Tamén resultará interesante incorporar algunhas das chamadas “novas metodoloxías” como a Aprendizaxe Baseado en Proxectos e /ou en Problemas, Visual Thinking...

Por último, farei uso de diferentes estratexias como por exemplo: desenvolver diferente tipo de actividades para un mesmo obxectivo, establecer reforzos para cada actividade, utilizar todo tipo de representacións visuais como apoio a linguaxe, axudarnos de todas as funcións comunicativas...

### *9.3) ASPECTOS METODOLÓXICOS NAS DIFERENTES SITUACIÓNS DE ENSINO-APRENDIZAXE.*

**Modalidade presencial.** A intervención na aula ordinaria levarase a cabo mediante a planificación de actividades lúdicas a través de diferentes canles e que impliquen o menor uso de material manipulativo en común. Naqueles casos que sexa necesario o uso de material compartido cumprírase coas medidas de desinfección e corentena. Na aula de Audición e Linguaxe tenderase á atención individualizada ou en pequeno grupo, debido a que o tratamento de diversas alteracións así o require coa finalidade de que dita intervención sexa o máis efectiva posible. Durante este curso e seguindo as instrucións do protocolo COVID, como criterio principal de agrupamento será considerado o nivel educativo. En canto ao uso de material procurarase a elaboración de material individualizado e, no caso de que sexa falta o uso común do material manipulativo disposto na aula, estableceranse quendas por niveis e levando a cabo as medidas de seguridade

**Modalidade semipresencial.** Cando a intervención sexa presencial procederase da mesma maneira que no anterior punto. Para os días en que o neno non asista ao centro, entregarase a familia actividades previamente planificadas e recursos on –line a través da aula virtual para reforzar os contidos

traballados no centro. Asemade, tamén se realizará propostas individualizadas para aqueles titores e familias que así o soliciten.

**Modalidade non presencial.** Dende o departamento de orientación estableceremos unha coordinación coas titorías. Subiremos a plataforma actividades e recursos que consideremos importantes para cada alumno segundo as súas necesidades ou aquelas máis específicas que nos demandan os titores/as. Facilitaranse pautas/orientacións para afrontar a situación, xogos e materiais para o traballo dende a casa. Para favorecer a organización da familia, as tarefas planificadas subiranse de xeito semanal sendo o luns, o día para publicalas.

Ante calquera das situacións, para as propostas de traballo e o seguimento deste alumnado, haberá unha coordinación e traballo conxunto entre o Departamento de Orientación, a mestra de PT e os titores de cada un destes alumnos/as.

#### *9.4) COMUNICACIÓN CO ALUMNADO, AS FAMILIAS E O PROFESORADO*

Dende que se publica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria polo COVID-19; empregaremos como medio de comunicación entre familia e escola os seguintes recursos dos que dispoñemos:

- Aula virtual do centro (notificacións, información, actividades conxuntas e individuais)
- Blogue do Departamento de orientación (información, foro de comentarios...).
- Blogue de especialistas, apoios, equipos e dinamizacións (actividades conxuntas, conmemoracións, propostas de reforzo, etc)
- Correo electrónico persoal e de aula (intercambio de información, actividades realizadas).
- Abalar móbil (comunicación continuada, avisos)
- Chamadas telefónicas (No caso do alumnado que non dispón de **ningún tipo de conectividade**, para seguir o ensino a distancia, indicando as actividades a realizar e ofrecendo as explicacións necesarias. Será

imprescindible a implicación da familia, polo que se fomentará con intensidade a súa participación.).

- Videoconferencias a través de Webex (individuais, pequeno grupo e gran grupo para fomentar a interacción entre o alumnado).

## 10. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación establécese para o curso académico 2020-2021. As diferentes sesións terán unha duración flexible, adaptándose aos horarios e estrutura da aula ordinaria, así como ás necesidades do alumnado e do propio centro.

Os horarios e períodos para levar a cabo o plan de traballo á práctica están en función de factores como a importancia da necesidade, a idade do neno e variables máis circunstanciais como as horas de dedicación ao centro e as horas de atención ao alumno por parte dos demais mestres, o horario do taller de estimulación da linguaxe oral en educación infantil, etc.

O horario ten un carácter plenamente flexible para adaptarse a todas as posibles necesidades que poidan xurdir, como o fin do apoio ou a incorporación de novos alumnos.

O Taller de estimulación da linguaxe oral ten unha dedicación horaria dunha sesión semanal para o grupo de 4º de infantil e outra sesión para 5º e 6º de infantil.

## 11. AVALIACIÓN

A avaliación supón un proceso continuo para obter información sobre a marcha e resultados do proceso educativo, permitíndonos tomar decisións arredor del e introducir os cambios pertinentes para a súa mellora. Polo tanto, a avaliación e intervención son procesos interactivos. Ademais, a avaliación é un proceso que se leva a cabo de forma coordinada co DO.

A avaliación será continua, formativa, global e integradora. Realizarase en tres momentos:

- Como punto de partida, lévase a cabo un **avaliación inicial**, que nos vai permitir establecer unha línea base de cara á intervención, e a partir da cal elaboraremos os plans específicos de intervención individual.

- Unha **avaliación continua e formativa** durante todo o proceso, valorando os posibles avances ou retrocesos de forma que permita modificar aqueles aspectos que non ofrezan os resultados esperados (feedback correctivo) como a metodoloxía empregada, os materiais, actividades...
- Por último, unha **avaliación final** proporcionando información dos resultados, determinando as potencialidades, os obxectivos alcanzados e cales outros que será necesario reforzar. Esta información materializarase nos informes finais.

En canto aos procedementos e técnicas de avaliación empregadas, serán diversos; ademais do material da propia aula de audición e linguaxe, empregarei ferramentas como a observación directa, rexistros diarios, interacción, análise das producións (como cadernos e traballos realizados), cuestionarios e test estandarizados en colaboración con DO.

Por outra banda, a **avaliación do Obradoiro de Estimulación da linguaxe oral** en infantil, fai referencia tanto á avaliación do alumnado como á avaliación do propio obradoiro; no que respecta á avaliación do alumnado realizarase unha avaliación continua, empregando preferentemente a observación como método de avaliación. Esta avaliación, ofrecerá pautas relacionadas cos aspectos nos que será preciso insistir e sobre os cativos que non van acadando os obxectivos propostos, sendo necesario modificar os contidos e/ou procedementos da nosa intervención preventiva e estimuladora.

Ademais de avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, será preciso ter en conta tamén o resto dos elementos que forman parte do proceso educativo, como as estratexias metodolóxicas empregadas, recursos, a coordinación cos titores, resto de profesorado e familias, así como a miña propia práctica docente.